



CONCELLO
DE POIO

BASES ESPECÍFICAS PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO NO CONCELLO DE POIO

Primeira. Obxecto da convocatoria

Ten por obxecto a presente convocatoria a elaboración das seguintes bolsas de contratación :

Posto	Oficial 1ª Electricista
	Subgrupo C2/Grupo IV
Área	Servizos Xerais

Segunda. Requisitos

Ademais dos requisitos xerais sinalados nas bases xerais denominadas “Bases de Selección de Persoal que integrarán as bolsas de emprego do Concello de Poio nos diversos postos” publicadas no Boletín Oficial da Provincia do 08 de xuño de 2017 modificadas segundo publicación efectuada no BOP do 01 de setembro de 2017 as persoas aspirantes a estes postos deberán posuír os seguintes requisitos específicos:

Posto	Oficial 1ª Electricista
Carnet de Conducir	Tipo B
Titulación	Os aspirantes deberán estar en posesión dunha titulación de Formación Profesional I ou Ciclo Medio na rama de Electricidade (ou equivalente na mesma familia de titulación de Electricidade)

Terceiro. Sistema de Selección

O sistema de selección a utilizar é o de concurso- oposición, de conformidade co apartado SISTEMA DE SELECCIÓN das bases xerais que rexen a convocatoria.

Cuarto. Documentación a presentar.

Na forma establecida nas bases xerais xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos específicos establecidos nestas bases específicas.

Quinto. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 8 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Sexto. Programa da Convocatoria.

Para a fase oposición de cada categoría establécese o seguinte programa:

Posto	Oficial 1ª Electricista
Programa	Tema 1. A Constitución do 78. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais do españois. Tema 2. A Lei 7/1985, do 2 de abril. O Municipio. Tema 3. Regulamento electrotécnico de baixa tensión. Instalacions de alumeado exterior. Tema 4. Instalacións de posta a terra. Tema 5. Instalacions eléctricas en locais de pública concorrencia. Tema 6. Instalacions eléctricas provisionais e temporais de obras, feiras e verbenas. Tema 7. Prevención de riscos laborais. Medidas de seguridade contra riscos eléctricos. Técnicas e procedementos de traballo en instalacións eléctricas. Tema 8. Prevención de riscos laborais. Medidas de seguridade en traballos en altura. Técnicas e procedementos de traballo en altura. Tema 9. Prevención de riscos laborais. Sinalización.

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

O Alcalde: Luciano Sobral Fernández